

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

15301 *REAL DECRETO 920/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable.* («BOE» 210, do 2-9-2006.)

O marco xeral das telecomunicacións en España quedou constituído en 1987 pola Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, cuxo artigo 1 se refería superficialmente ás comunicacións mediante cable e radiocomunicación.

As necesidades de desenvolvemento deste tipo de tecnoloxía requiriron a aprobación dunha lei específica, a Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable, que veu configurar de forma máis detallada o marco legal aplicable a este sector dos servizos de telecomunicación, establecendo unhas normas de rango legal que regulaban, por primeira vez en España, a prestación conxunta de servizos de telecomunicación e audiovisuais a través das novas tecnoloxías do cable. A Lei 42/1995, do 22 de decembro, definía o servizo de telecomunicacións por cable como un servizo público de titularidade estatal e determinaba que o título para prestalo se obtería mediante concurso público. Pola súa vez, a concesión do título para a prestación do servizo de telecomunicacións levaba anexa a concesión para a prestación do servizo público de televisión por cable.

Na súa disposición transitoria terceira ordenáballe ao Goberno a aprobación do correspondente regulamento técnico e de prestación do servizo, que se levou a cabo mediante o Real decreto 2066/1996, do 13 de setembro.

A Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable, foi derogada pola Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, coa excepción do disposto para o réxime do servizo de difusión de televisión. En especial, segundo se sinalaba na súa disposición derogatoria, mantían a súa vixencia o artigo 9.2, primeiro parágrafo; o artigo 10; o artigo 11.1 e), f) e g), o artigo 12, e os puntos 1 e 2 da disposición adicional terceira da referida Lei de telecomunicacións por cable.

O novo réxime obrigou a transformar as anteriores concesións en dous títulos habilitantes de características moi diferentes, un de telecomunicacións, que habilitaba para prestar servizos neste ámbito nun contexto amplamente liberalizado, e outro de televisión, consistente nunha concesión administrativa para a prestación dun servizo público mediante xestión indirecta.

Durante os case cinco anos de vixencia da Lei 11/1998, do 24 de abril, iso deu lugar ao mantemento dunha situación singular na cal a liberalización das telecomunicacións por cable se producía en paralelo ao mantemento

das restricións para prestar o servizo de difusión de televisión, restrinxido a aqueles que obtivesen a concesión para a xestión indirecta do servizo público no correspondente concurso.

Finalmente, a Lei das telecomunicacións por cable foi derogada na súa totalidade pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións que, na súa disposición adicional décima, declaraba plenamente liberalizada a prestación do servizo de difusión de televisión por cable que deixaba de ser servizo público, ben que a disposición transitoria décima aprazaba a entrada en vigor da devandita liberalización ata o 31 de decembro de 2009.

A mesma disposición adicional décima dispoñía que o servizo se prestaría en réxime de libre competencia nas condicións que establecese o Goberno mediante regulamento, «que establecerá as obrigas dos titulares das autorizacións».

A Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo modificou a disposición transitoria décima da citada Lei 32/2003, do 3 de novembro, supeditando a entrada en vigor da liberalización, non ao cumprimento dun prazo, senón á publicación do regulamento a que se refería a disposición adicional décima da mesma lei.

En consecuencia, o regulamento que se aproba por este real decreto vén dar cumprimento ás previsións regulatorias da disposición adicional décima da Lei 32/2003 e, ao mesmo tempo, pon en vigor a liberalización efectiva do servizo prevista na devandita disposición, na redacción dada pola Lei 10/2005.

Por outra parte, o punto 3 da disposición transitoria sexta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, dispón que seguirán sendo aplicables determinadas obrigas de transmisión establecidas na referida Lei das telecomunicacións por cable, pero mentres non se supriman, modifiquen ou substitúan mediante un novo regulamento, conforme o disposto no punto 4 da disposición adicional sétima da devandita Lei 32/2003, do 3 de novembro. A devandita supresión realízase na disposición adicional primeira deste real decreto.

Cabe facer notar que o regulamento a que se refire a disposición transitoria sexta antes citada é de aplicación aos operadores de telecomunicacións titulares de redes de cable, polo que se trata dunha norma de telecomunicacións cuxa habilitación constitucional é distinta da que corresponde ao regulamento aprobado por esta norma.

Xustamente por iso, a disposición transitoria primeira do propio regulamento que se aproba, introduce unha obriga de transmisión, que afectará as canles analóxicas nacionais e as xestionadas directamente polas comunidades autónomas, pero que se lles esixe, non aos operadores de telecomunicacións por cable, senón aos titulares do servizo de difusión.

A disposición adicional segunda obriga os operadores nacionais en analóxico a presentar un calendario de implantación da tecnoloxía dixital que permita adiantar

en determinadas áreas a data do peche definitivo das emisións en analóxico dentro do obxectivo de acelerar a migración da televisión desde a tecnoloxía analóxica á dixital.

Ademais, a disposición derradeira primeira deste real decreto modifica o Regulamento que regula o dereito dos usuarios do servizo de televisión a seren informados da programación que se vai emitir, e desenvólvense outros artigos da Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, aprobado polo Real decreto 1462/1999, do 17 de setembro, reducindo o prazo en que se debe facer pública a programación anunciada, de acordo coa evolución da tecnoloxía e o incremento da oferta de canles de televisión á disposición dos usuarios.

A modificación do regulamento aprobado polo Real decreto 1462/1999, do 17 de setembro, quere reforzar, ademais, os mecanismos de autorregulación co obxecto de que os operadores de televisión poidan chegar a acordos para lles facilitar aos medios interesados, con maior anticipación da exixida legalmente e evitando calquera discriminación, a información sobre os seus programas.

A disposición derradeira segunda do real decreto modifica o punto 7 da disposición adicional segunda do Real decreto 944/2005, polo que se aprobou o Plan técnico de televisión dixital terrestre, para incorporar con máis precisión as previsións sobre televisión a través de teléfonos móbiles.

Mentres que o regulamento, en si mesmo, é unha norma de carácter básico, as disposicións adicionais primeira e segunda e derradeira segunda son preceptos que se ditan ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións. En canto á disposición derradeira primeira, vén modificar unha norma ditada polo Estado no exercicio da súa potestade regulamentaria, en relación cos operadores de televisión baixo a súa competencia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2006,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral de prestación do servizo de radio e televisión por cable.*

Apróbase o Regulamento xeral de prestación do servizo de radio e televisión por cable, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Obrigas de transmisión.*

Para os efectos do disposto no punto 3 da disposición transitoria sexta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, suprimense mediante esta disposición as obrigas previstas nas alíneas e), f) e g) do artigo 11.1 da Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable.

Disposición adicional segunda. *Extensión da cobertura da televisión dixital terrestre.*

O Ente Público Radiotelevisión Española, as entidades públicas creadas de acordo co establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e as sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal deberán presentar, coa debida coordinación entre as entidades e sociedades radiodifusoras, se é o caso, ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, un plan para alcanzar progresivamente a cobertura do servizo de televisión dixital terrestre prevista no artigo 6

do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo.

O plan que se presente deberá ser tal que se alcance progresivamente a seguinte cobertura, no seu respectivo ámbito territorial:

- a) 85 por cento da poboación antes do 31 de xullo de 2007.
- b) 88 por cento da poboación antes do 31 de xullo de 2008.
- c) 93 por cento da poboación antes do 31 de xullo de 2009.

O devandito plan conterà, polo menos, a información relativa ás localidades ás cales se dará cobertura de televisión dixital terrestre e o calendario coas datas de posta en servizo das estacións con que se poidan corresponder.

O plan presentárase en dúas fases, a primeira no prazo de seis meses, contados desde a publicación deste real decreto, para as porcentaxes sinaladas nas alíneas a) e b) anteriores e do 90 por cento e a segunda no prazo dun ano, contado desde a publicación deste real decreto, para a porcentaxe da alínea c) anterior e do 96 por cento ou 98 por cento segundo corresponda.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento que regula o dereito dos usuarios do servizo de televisión a seren informados da programación que se vai emitir, e se desenvólven outros artigos da Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, aprobado polo Real decreto 1462/1999, do 17 de setembro.*

Os artigos 2 e 3 do Regulamento que regula o dereito dos usuarios do servizo de televisión a seren informados da programación que se vai emitir, e se desenvólven outros artigos da Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, aprobada polo Real decreto 1462/1999, do 17 de setembro, modifícanse nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 2 do regulamento, que queda coa redacción seguinte:

«Artigo 2. *Alcance do dereito de información.*

1. Para facer efectivo o dereito de información regulado no vixente artigo 18 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, os operadores de televisión deberán facer pública a súa programación diaria cunha antelación de, polo menos, tres días respecto do día a que a citada programación se refira.

2. Considerarase cumprida a previsión establecida no punto anterior, desde o momento que o operador de televisión faga pública a súa programación nas páxinas de teletexto, para a programación das súas emisións en analóxico e a guía electrónica de programas, para a programación das súas emisións en dixital, ou por calquera outro medio, no suposto de que non fose posible facelo por algún dos anteriores.

3. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo dos acordos aos cales poidan chegar os operadores de televisión para lle proporcionar a calquera persoa interesada e sen discriminación a dita programación cunha antelación maior.»

Dous. Modifícase o artigo 3 do regulamento, que queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Contido da información.*

1. A programación a que se fai referencia nos puntos 1 e 2 do artigo anterior deberá informar, como mínimo, sobre o título e o tipo ou o xénero de todos os programas que se prevé emitir, salvo os de duración inferior a quince minutos. No caso de longametraxes cinematográficas, identificará concretamente o título, o director e o ano de produción. Nas restantes obras de ficción, como películas para televisión, series, telecomedias e novelas, indícarase o título da obra ou o episodio que se vai emitir e, no suposto de retransmisións, o espectáculo concreto e, se este for musical, os principais participantes que intervirán nel.

2. A dita programación non poderá ser modificada, salvo como consecuencia de sucesos alleos á vontade do operador de televisión e que non puidesen ser razoablemente previstos, no momento de facerse pública.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.*

Modifícase o punto 7 da disposición adicional segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, que queda redactado do xeito seguinte:

«7. Así mesmo, na medida en que as disponibilidades do espectro radioelétrico o permitan, planifícase un múltiple dixital para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre en mobilidade.»

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

Sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia para o desenvolvemento e execución do disposto no regulamento aprobado por este real decreto, correspóndelle ao ministro de Industria, Turismo e Comercio ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto e no regulamento que aproba.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

1. O artigo único e a disposición derradeira terceira deste real decreto e o regulamento que aproba, agás o seu capítulo IV, dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.27.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para establecer as normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión.

2. As disposicións adicionais primeira e segunda, así como a disposición derradeira segunda deste dítanse ao abeiro da competencia exclusiva en materia de telecomunicacións, que ao Estado lle atribúe o artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor un mes despois da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 28 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

REGULAMENTO XERAL DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIO E TELEVISIÓN POR CABLE

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto o establecemento das condicións básicas para a prestación dos servizos de difusión de radio e televisión por cable, en aplicación do determinado na disposición adicional décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Artigo 2. *Forma de prestación do servizo de radio e televisión por cable.*

A prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable farase en réxime de libre competencia, nas condicións establecidas neste regulamento.

Artigo 3. *Réxime xurídico.*

O réxime xurídico fundamental polo cal se rexerán as autorizacións do servizo de radio e televisión por cable está constituído polo disposto na disposición adicional décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións; na Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións; na Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e na Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, así como polo establecido neste regulamento e nas normas de carácter regulamentario ditadas en desenvolvemento das leis citadas e naquelas que poidan ditar as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

Artigo 4. *Títulos habilitantes.*

1. Para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable será preceptiva a previa obtención dunha autorización administrativa, que habilitará o seu titular para difundir por redes de comunicacións electrónicas terrestres que non utilicen de forma exclusiva ou principalmente dominio público radioelétrico nun determinado ámbito xeográfico, baixo a súa responsabilidade, servizos de radio e televisión, calquera que sexa o responsable editorial destes, compoñendo unha oferta de canles de radio e televisión dirixida aos seus clientes e subscritores.

Para estes efectos, de acordo co disposto na Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, considéranse servizos de radio e televisión aqueles en que a comunicación se realiza nun só sentido a varios puntos de recepción simultaneamente con independencia da forma de acceso previo a estes.

2. Esta autorización administrativa, que non habilitará para prestar o servizo de comunicacións electrónicas de transporte do sinal polas redes de cable, precisará a notificación fidedigna á Comisión do Mercado das Telecomunicacións antes do inicio da actividade tal e como establece o artigo 6.2 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e rexerase polo disposto na devandita Lei xeral de telecomunicacións e as súas normas de desenvolvemento.

3. Da mesma forma, a habilitación legal para prestar o servizo de comunicacións electrónicas non habilitará por si mesma para prestar os servizos de difusión de radio e televisión por cable, que requirirán da autorización a que se refire o punto 1.

Artigo 5. *Repartición competencial.*

1. A autorización administrativa para prestar o servizo de difusión de radio e televisión por cable nun ámbito territorial superior ao dunha comunidade autónoma será outorgada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A este departamento ministerial corresponderánlle tamén as competencias en materia de inspección e control respecto do cumprimento das obrigas previstas neste regulamento.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitiralle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións os expedientes coas autorizacións outorgadas para a inscrición destas no rexistro a que se refire o capítulo IV.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas o outorgamento das autorizacións administrativas para a prestación de servizos de difusión de radio e televisión por cable cuxo ámbito territorial de actuación non supere o territorio dunha comunidade autónoma. A normativa autonómica designará os órganos responsables da aplicación do réxime xurídico previsto neste regulamento e do control do seu cumprimento nos seus respectivos ámbitos.

3. Cando, á vista da documentación a que se refire o artigo 7.1, g) deste regulamento, se desprenda que o solicitante dunha autorización de carácter estatal ten previsto realizar ofertas específicas de canles de radio e televisión para os seus subscritores de determinadas comunidades autónomas ou dunha parte destas, remitiráselle de oficio a cada comunidade autónoma, para a súa tramitación como autorización para prestar o servizo nese ámbito, os datos relativos ao solicitante así como a relación das canles de radio e televisión que serán difundidas exclusivamente nun ámbito territorial coincidente ou comprendido no territorio desa comunidade autónoma.

En calquera caso, a difusión de canles de radio e televisión cuxo ámbito territorial non supere o dunha comunidade autónoma deberá contar coa preceptiva autorización do servizo por parte desta.

Nestes supostos, as obrigas previstas neste regulamento serán exixibles de forma independente pola Administración competente en cada caso, para o conxunto de canles amparadas por cada autorización, agás no que respecta ao cumprimento do previsto no punto 1 da disposición transitoria primeira deste regulamento, que será exclusivamente exixible respecto da autorización de ámbito estatal.

CAPÍTULO II

Autorizacións

Artigo 6. *Requisitos para ser titular dunha autorización.*

Poderán prestar o servizo de difusión de radio e televisión por cable as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) No caso de persoas físicas, ter a nacionalidade dun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou a de calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, lles recoñeza este dereito aos cidadáns españois.

b) No caso de persoas xurídicas, ter establecido o seu domicilio social nun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou en calquera Estado que, de acordo

coa súa normativa interna, lles recoñeza este dereito ás empresas españolas.

c) Para efectos de notificacións, cando o solicitante non sexa residente ou non se atope establecido en España, deberá designar un representante con domicilio en territorio español. En calquera caso, o domicilio para os efectos de notificacións sempre estará en territorio español.

d) Non ter sido sancionado, nos últimos tres anos, pola comisión dunha infracción que comporte a retirada da autorización como prestador do servizo de difusión de radio e televisión por cable.

Artigo 7. *Procedemento para outorgar autorizacións.*

1. As persoas físicas ou xurídicas interesadas en obter unha autorización para prestar o servizo de difusión de radio e televisión por cable dirixiranlle as súas solicitudes á autoridade competente para o seu outorgamento, conforme o previsto no artigo 5, en función do ámbito territorial a que afecte, achegando a documentación que acredite de maneira que faga fe os seguintes extremos:

- a) A personalidade física ou xurídica do solicitante.
- b) O nome e demais datos persoais do seu representante, de ser o caso.
- c) O domicilio para os efectos de notificacións. No caso de sociedades ou persoas físicas estranxeiras, entenderase o domicilio do representante en España como domicilio para os efectos da sociedade representada.
- d) Cando os seus titulares adopten a forma de sociedades, o seu capital social, a identidade ou denominación social das persoas e entidades que sexan titulares de participacións superiores ao 5 por cento do capital ou os dereitos de voto e a porcentaxe de capital que tiveren.
- e) O ámbito de cobertura do servizo de difusión para o que se solicita autorización e a rede de telecomunicacións por cable que vaia utilizar, así como os parámetros técnicos que regulamentariamente se determinen para permitir a identificación do servizo.
- f) O nome comercial do servizo.
- g) O nome comercial e as características esenciais de cada unha das canles radiofónicas ou de televisión que prevexa incluír na súa oferta, de acordo co disposto no artigo 11.a).

2. O órgano competente disporá dun prazo de trinta días naturais para ditar resolución outorgando ou non a autorización solicitada. As resolucións denegatorias deberán ser sempre motivadas. De se producir o vencemento do prazo máximo sinalado sen se notificar resolución expresa por causa non imputable ao interesado, este poderá instar a inscrición do seu servizo de difusión, como autorizado, no correspondente rexistro.

Artigo 8. *Duración, transmisión e cancelación da autorización.*

1. A autorización para a prestación do servizo de difusión por redes de cable outorgarase por prazo indefinido e será transmisíbel.

2. O cambio de titular dunha autorización para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable deberá serlle notificado á autoridade que a outorgou, antes de transcorridas 48 horas desde que se produciu a transmisión.

De a notificación presentar defectos ou omisións que non fosen emendados en prazo ou o novo titular non reunir os requisitos a que se refire o artigo 6, o órgano competente disporá de 15 días para ditar resolución motivada mediante a cal se anule a transmisión da autorización e se inste o novo titular ao cesamento inmediato na

prestación do servizo desde a recepción da mencionada resolución, se este xa se iniciase.

3. A autorización para prestar o servizo de radio e televisión por cable poderá ser cancelado pola autoridade que a concedeu, polos seguintes motivos:

a) Por petición do seu titular, notificada de maneira que faga fe.

b) Pola perda dalgún dos requisitos exixidos para o seu outorgamento.

Artigo 9. *Rexistro.*

1. As autorizacións para a prestación de difusión de radio e televisión por cable quedarán inscritas de oficio no rexistro que para tal efecto se levará na Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou as comunidades autónomas, de acordo co disposto na disposición adicional décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Dentro de cada autorización inscribiranse os datos declarados polo titular da autorización aos cales se refire o artigo 7.1 deste regulamento.

2. A inscrición das autorizacións e dos datos correspondentes nos rexistros establecidos para o efecto por cada comunidade autónoma deberá ser comunicado polo seu responsable ao Rexistro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, para os efectos meramente informativos. Telematicamente garantirase o acceso directo e inmediato a este rexistro estatal desde os rexistros existentes nas comunidades autónomas e viceversa.

3. O rexistro de autorizacións para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable será público.

CAPÍTULO III

Obrigas

Artigo 10. *Obrigas.*

1. Os titulares dunha autorización para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable deberán cumprir as obrigas previstas neste capítulo e nas restantes normas de aplicación e as que, en uso das súas competencias, diten as comunidades autónomas para os servizos baixo a súa xurisdición.

2. De acordo co previsto na Lei 25/1994, do 12 de xullo, os titulares de autorización para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable serán responsables directos do contido das canles de radio e televisión cuxa responsabilidade editorial asuman e serán responsables subsidiarios cando se limiten á mera difusión de canles cuxa titularidade lle corresponda a un terceiro.

Artigo 11. *Oferta de canles.*

Os prestadores do servizo de difusión de radio e televisión por cable deberán cumprir as seguintes obrigas en relación coa súa oferta de canles de televisión:

a) De acordo co disposto na disposición adicional quinta da Lei 25/1994, do 12 de xullo, deberán informar preceptivamente sobre as características de cada unha das canles de televisión que ofrezan, identificando se as devanditas canles son propias ou foron subministradas por un terceiro e, neste último caso, o responsable editorial destas. Informarase, igualmente, de se se trata da retransmisión dunha canle cuxa emisión primaria se está a realizar por outra vía, indicando, nese caso, se o responsable editorial desta se atopa ou non baixo a xurisdición dun Estado membro da Unión Europea.

Na información precisárase o ámbito territorial de cada canle dentro do servizo.

b) Para estes efectos poderán incluír dentro da súa oferta:

Calquera canle de televisión cuxo responsable editorial se atope establecido ou baixo a xurisdición dun Estado membro da Unión Europea ou que sexa parte do Convenio Europeo de Televisión Transfronteiriza.

A retransmisión de canles non amparadas polo disposto no parágrafo anterior e cuxa difusión primaria se estea a realizar por outro medio, sempre que estas canles respecten os principios e valores do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e, en particular, non inclúan programas nin escenas ou mensaxes de calquera tipo que poidan prexudicar seriamente o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores, nin programas que fomenten o odio, o desprezo ou a discriminación por motivos de nacemento, raza, sexo, relixión, nacionalidade, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

A difusión primaria de canles cuxo titular non se atope establecido ou baixo a xurisdición dun Estado membro da Unión Europea ou que sexa parte do Convenio Europeo de Televisión Transfronteiriza, ben que neste caso estará obrigado a que os contidos desta se axusten ao previsto na Lei 25/1994, do 12 de xullo.

c) Deberán suspender a difusión daquelas canles de televisión cuxa difusión fose prohibida por sentenza xudicial ou por infrinxir o disposto no artigo 17.1 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, ou en virtude do disposto no punto 1 da disposición derradeira segunda desta norma legal, nun prazo máximo de 24 horas desde que lles fose notificada esta circunstancia.

d) Deberán organizar a súa oferta de canles de forma que aquelas destinadas exclusivamente para adultos, por consistiren en contidos que poidan afectar a protección da xuventude e da infancia e outros bens ou dereitos, sexan identificadas como tales e ofrecidas de xeito independente, sen que a subscripción a esas canles poida ser condición para o acceso ou a mellora nas condicións de acceso a outras canles de televisión. Estas canles non se poderán ofrecer nunca en aberto.

e) Deberán adoptar as previsións necesarias para permitir o acceso aos contidos das canles difundidas cuxos titulares non se atopen establecidos ou baixo a xurisdición dun Estado membro da Unión Europea ou que sexa parte do Convenio Europeo de Televisión Transfronteiriza, durante un prazo, como mínimo, de seis meses contados desde a data da súa difusión para os efectos de facilitar a súa inspección polas autoridades competentes.

Durante o mesmo prazo deberán conservar información escrita sobre a programación incluída nas restantes canles para os efectos das comprobacións oportunas.

Artigo 12. *Protección de menores e outras medidas de acceso.*

1. De acordo co disposto na disposición adicional cuarta da Lei 25/1994, do 12 de xullo, os titulares de autorización para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable deberán adoptar as medidas necesarias de carácter físico ou virtual para facer posible bloquear nos equipamentos de recepción o acceso total ou parcial a calquera das súas canles por iniciativa do usuario, dun xeito doado e cómodo.

2. Cando os ditos titulares proporcionen, por si mesmos ou a través dun terceiro, servizos de guía electrónica de programas, deberán asegurar que a información contida nesta advirta de maneira suficiente e veraz do contido do programa para efectos da protección dos menores, de acordo coa información proporcionada polo titular da canle, en cumprimento do disposto no artigo 17.3 da Lei

25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

3. Igualmente deberán asegurar que as redes de comunicacións electrónicas que utilicen como servizo soporte do servizo de difusión, dispoñan dos recursos técnicos necesarios para permitiren a transmisión dos servizos de subtítulo, audiodescrición e interpretación na lingua de signos, de apoio para o acceso de persoas con minusvalidez ou con necesidades especiais, cando estes estivesen incluídos nas canles difundidas.

Artigo 13. *Obrigas administrativas.*

1. Os titulares de autorización para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable deberán facilitar á Administración competente en cada caso o acceso regular, libre e gratuíto aos seus servizos, nun número non superior a cinco. Os custos específicos de despregamento de rede en que poida incurrir o operador de telecomunicacións para conectar o servizo de difusión coa Administración que o solicite serán por conta desta última.

2. Os titulares de autorización para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable deberán actualizar os datos a que se refire o artigo 7.1, do seguinte xeito:

a) Os correspondentes ás alíneas a), b), c) e e), notificándolle ao correspondente rexistro os cambios que se produzan neles, no prazo dun mes desde que se produzan.

b) Os correspondentes á alínea d), notificándolle ao correspondente rexistro os cambios producidos nos devanditos datos dentro de cada ano, como moi tarde nos 15 primeiros días de cada ano natural seguinte.

c) Os correspondentes á alínea g), notificándolle ao rexistro correspondente os cambios previstos con carácter previo ao inicio ou fin da difusión.

Artigo 14. *Difusión de canles de operadores independentes.*

1. Os servizos de difusión de radio e televisión por cable que distribúan máis de 30 canles de televisión deberán asegurar que, polo menos, o 30 por cento das canles difundidas nunha lingua española correspondan a titulares de canles independentes, sempre que a oferta destas sexa suficiente e de calidade adecuada, de acordo co establecido neste regulamento e na normativa que as comunidades autónomas diten no ámbito das súas competencias.

2. Con carácter supletorio, no caso de ausencia de normativa específica das comunidades autónomas, ou cando a competencia sexa estatal, será de aplicación o seguinte:

a) O cómputo efectuarase sobre o número total de canles de televisión nunha lingua española ofertadas polo titular do servizo de difusión de radio e televisión por cable.

b) Corresponderalle ao organismo competente da comunidade autónoma afectada, ou ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, se esta fose o organismo que outorgou a autorización, resolver nos seguintes asuntos:

As dúbidas sobre a forma de contabilizar a oferta total de canles ou o carácter independente dos seus titulares.

As alegacións referidas a que a oferta de canles independentes é insuficiente ou non reúne a calidade axeitada.

c) A resolución do órgano competente esgotará a vía administrativa.

3. Entenderase que o titular da canle é independente do prestador do servizo de difusión cando non se dea ningunha das circunstancias seguintes:

a) Que o titular do servizo de difusión e o titular da canle formen parte do mesmo grupo de sociedades de acordo co disposto no artigo 42 do Código de comercio.

b) Que o titular do servizo de difusión e o da canle de televisión teñan, directa ou indirectamente, accionistas comúns ou que pertencen ao mesmo grupo, sempre que representen, polo menos, o 10 por cento dos dereitos de voto en cada un deles ou designasen un membro do consello de administración de ambos os dous.

c) Que entre o titular do servizo de difusión e o titular da canle existan acordos de exclusividade que limiten a autonomía das partes, tanto na capacidade do titular do servizo de difusión para contratar con terceiros a comercialización doutras canles de televisión como impedíndolle ao titular da canle negociar a difusión das súas canles por outros servizos de difusión ou condicionando esta á previa aprobación do titular do servizo de difusión.

d) Que o órgano competente, oídos os interesados e á vista doutros antecedentes dispoñibles, emita ditame motivado en que se estableza que entre o titular do servizo de difusión e o titular da canle se dá unha relación de dependencia.

4. Cando o servizo de difusión por cable inclúa dentro da súa oferta unha ou máis canles exclusivamente destinadas á información, o titular da canle ou de polo menos unha das canles de información editada nunha das linguas oficiais de España deberá cumprir a condición de independencia establecida no punto anterior, respecto do titular do servizo de difusión, sempre que exista unha oferta destas de calidade axeitada.

Enténdense por canles dedicadas exclusivamente á información aquelas cuxa programación consista, en máis dun 80 por cento, en noticias, entrevistas, reportaxes de actualidade e debates.

CAPÍTULO IV

Rexistro estatal de autorizacións para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable

Artigo 15. *Obxecto do rexistro.*

1. O Rexistro estatal de autorizacións para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable, de carácter público e administrativo, ten por obxecto a inscrición das autorizacións para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión por cable e as súas modificacións, de acordo co disposto na disposición adicional décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, cando o seu outorgamento lle corresponda ao Estado de acordo co previsto no artigo 5 deste regulamento.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións encargárase do rexistro estatal.

Artigo 16. *Acceso ao rexistro e expedición de certificacións.*

1. O dito rexistro estatal de autorizacións será público. Os asentos rexistrais contidos nel serán de libre acceso para a súa consulta por calquera persoa que o solicite. O encargado do rexistro facilitaralles aos interesados a consulta dos asentos por medios informáticos instalados na oficina do rexistro e, de ser o caso, a través da páxina web da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Calquera persoa física ou xurídica poderá solicitar certificacións de autorizacións e demais actos inscritos.

As certificacións rexistras serán o único medio de acreditar de maneira que faga fe o contido dos asentos rexistras.

Artigo 17. *Estrutura do rexistro.*

1. No rexistro levaranse libros de rexistro coa dilixencia de apertura asinada polo presidente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e con expresión dos folios que conteñen, que estarán numerados, selados e rubricados. Abrirase, en principio, un folio para cada operador.

2. A cada autorización asignaráselle no libro correspondente un número de inscrición que será o do folio en que se inscriba. O devandito folio irá seguido de cantos outros sexan necesarios ordenados, pola súa vez, con indicación do número que lle correspondese ao folio inicial, seguido doutro que reflectirá o número correlativo de folios que se precisen para a inscrición das modificacións que procedan.

3. Poderanse utilizar os libros auxiliares, arquivos, cadernos ou cartapacios que o encargado do rexistro considere oportunos para o seu bo funcionamento.

4. Todo isto poderá ser realizado por medios informáticos sempre que estes contén co correspondente soporte documental.

Artigo 18. *Inscrición no rexistro.*

1. A primeira inscrición das autorizacións de ámbito estatal será realizada de oficio pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, logo de comunicación do órgano competente para o seu outorgamento, ou por instancia do interesado, se vencese o prazo máximo sinalado no artigo 7.2 deste regulamento, sen ter notificada resolución expresa o órgano competente, por causa non imputable ao interesado.

2. Na dita inscrición consignarase a data da resolución de outorgamento da autorización ou, de ser o caso, da solicitude de inscrición no rexistro se a dita inscrición se instase por vencemento do prazo, e os datos declarados polo titular da autorización aos cales se refire o artigo 7.1 deste regulamento.

3. Igualmente, consignaranse os datos que determine a Comisión do Mercado das Telecomunicacións necesarios para permitir a identificación dos titulares da rede de telecomunicacións por cable utilizada e do servizo de comunicacións electrónicas soporte do servizo de difusión.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das obrigas de difusión.*

1. Ata o cesamento definitivo das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica, os titulares de autorización para a prestación do servizo de difusión de televisión por cable estarán obrigados a incluír na súa oferta as seguintes canles dos operadores que se indican:

TVE 1 de TVE, SA.

La Segunda de TVE, SA.

Antena 3 TV de Antena 3 TV, SA.

Telecinco de Gestevisión-Telecinco SA.

Cuatro de Sogecable, SA.

La Sexta de Gestora de Inversiones Audiovisuales. La Sexta SA.

2. Ademais, durante o mesmo prazo, os titulares de autorización para prestar o servizo de difusión de televisión por cable no ámbito autonómico deberán incluír na súa oferta as canles en analóxico xestionadas directamente pola comunidade autónoma onde desenvolvan a súa actividade.

3. As contraprestacións económicas pola distribución destes servizos entre os titulares das autorizacións para prestar o servizo de difusión e os titulares das canles mencionadas nos puntos anteriores serán acordadas libremente entre as partes, no marco da normativa que dite o Estado ou, de ser o caso, as comunidades autónomas con competencias en materia de medios de comunicación social.

En caso de desacordo, resolverá a Administración que en cada caso sexa competente para autorizar a prestación do servizo de televisión polas redes de cable afectadas.

Disposición transitoria segunda. *Requirimento para ampliar a información rexistral.*

En relación coas autorizacións para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión derivadas da transformación de anteriores títulos habilitantes, realizada ao abeiro do previsto na disposición transitoria décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, a súa inscrición no correspondente rexistro reflectirá os datos a que se refire o artigo 7.1 deste regulamento, a partir da información existente no momento da transformación do respectivo título. No suposto de que a devandita información resultase insuficiente para completar os devanditos datos, o órgano responsable do rexistro poderá requirir do titular da autorización os necesarios para completalos.

Disposición transitoria terceira. *Incorporación de facilidades de transmisión ás redes de cable.*

De acordo co previsto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discriminación, o disposto no artigo 12.3 deste regulamento seralles exixible a partir do 1 de xaneiro de 2008 aos servizos de difusión que utilicen redes de cable, instaladas a partir da entrada en vigor deste regulamento ou que sexan ampliacións das existentes, realizadas con posterioridade a esa mesma data.

Os servizos de difusión que utilicen redes de cable que no momento da entrada en vigor deste regulamento xa se atopasen prestando o servizo soporte para a difusión de televisión, disporán dun prazo, ata o 1 de xaneiro de 2010, para que as instalacións destas se adapten ao disposto no devandito artigo 12.3.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15406 *REAL DECRETO 965/2006, do 1 de setembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro. («BOE» 212, do 5-9-2006.)*

O Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, prevé na súa disposición adicional terceira, respecto dos sistemas de retención infantil,